

RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA QUE AUTORIZA A EXTRACCIÓN DE PERCEBE EN BANCOS DO ÁMBITO DO PLAN DE XESTIÓN DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE MUXÍA DURANTE O MES DE XANEIRO

ANTECEDENTES

1. O 17.12.2025, ás 17:53 horas, a confraría de pescadores de Muxía solicita autorización para a extracción de percebe en bancos do ámbito do seu plan de xestión durante o mes de xaneiro de 2026.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Tense en conta a seguinte normativa:
 - O Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - O Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas.
 - A Orde do 19 de decembro de 2024, pola cal se aproban os plans de xestión de recursos específicos e de algas en Galicia para o trienio 2025-2027.
2. Recíbense os seguintes informes:
 - Informe da bióloga de zona do 23.12.2025.
 - Informe favorable do INTECMAR (Instituto tecnolóxico para o control do medio mariño) do 23.12.2025.

Este departamento territorial é o órgano competente para resolver segundo o artigo 20.1 do Decreto 153/2019 do 21 de novembro.





Tendo en conta todo o anterior **RESOLVO:**

Autorizar a extracción de percebe nos bancos do ámbito do plan de xestión da confraría de pescadores de Muxía segundo se recolle a continuación.

Especie: percebe (*Pollicipes pollicipes*)

Datas e zonas:

Días	Zona e bancos
2 e 5 de xaneiro	A Barca: • de praia de Lourido ata o Carreiro (CM-029) • Chorente (CM-030) • Merexo (CM-031)
7, 8, 9, 16, 19, 20, 21, 22 e 23 xaneiro	Touriñán: • dende praia de Nemiña a punta Matemao (CM-026)

Modalidade: a pé e embarcación.

Sistema de control:

1. A pé:

- 1.1. Puntos de supervisión previa:** Aplicables ao colectivo a pé e ao de a flote cando acceda a pé por mal tempo.

Datas	Puntos de supervisión previa
2 e 5 de xaneiro (A Barca)	- PS16 ou explanada de Merexo (29T 485154.85 E 4771968.84 N) - PS17 ou A Barca (29T 482157.93 E 4773330.19 N) - PS18 ou A Pel (29T 482137.10 m E 4772934.26 N) - PS19 ou secadoiro de congrio (29T 482114.65 E 4772511.15 N) - PS20 ou Langosteira (29T 481921.76 E 4771832.40 N) - PS21 ou campo de fútbol (29T 481896.95 E 4771187.53 N)





7, 8, 9, 16, 19, 20, 21, 22 e 23 xaneiro (Touriñán)	- PS01 ou pista Ribeira de Viseu (29T 479407.88 E - 4767033.09 N) - PS02 ou Salsario (29T 478205.21 E - 4766563.00 N) - PS03 ou A Percebeira (29T 478100.68 E - 4766133.94 N) - PS04 ou Pedra das Redes (29T 476406.13 E - 4766393.15 N) - PS05 ou pista O Javoteiro (29T 476101.76 E - 4767080.87 N) - PS06 ou faro Touriñán (29T 475749.15 E - 4766776.72 N) - PS07 ou O Herboso (29T 475794.93 E - 4766287.93 N) - PS08 ou rampla de Touriñán (29T 476522.37 E - 4765854.15 N) - PS09 ou pista de Montenegro (29T 477191.54 E - 4763388.42 N)
--	--

Nestes puntos os percebeiros/as terán que precintar as capturas cos precintos numerados facilitados pola confraría e asignados nominalmente. A través da aplicación MOVTIC deberán emitir o "Documento de envío ao punto de control" que acompañará ás capturas precintadas ata o punto de control situado na lonxa. O tempo máximo de validez deste documento dende a súa expedición será de 45 minutos para a ZONA de Touriñán e de 15 minutos para A BARCA.

1.2. Puntos de control: Persoas percebeiras a pé e tripulantes cando accedan a pé: lonxa de Muxía.

2. A flote

2.1. Punto de descarga: pantalán de amarre das lanchas da 3ª lista do peirao de Muxía

2.2. Punto de control. peirao de amarre das lanchas da 3ª lista,

O horario do punto de control na lonxa poderá ser ata 1 horas despois de finalizar a xornada de traballo, se ben poderá modificarse en caso de detectarse desviacións non xustificadas.

Puntos de venda: lonxa de Muxía e outras lonxas autorizadas.

Topes de captura:

- A pé: 5 kg. mariscador/día
- Embarcación: 5 kg. habilitación enrolado e a bordo/día

Artes: Rasquetas ou raspas e trueiro segundo o Decreto 15/2011.





Horario: será de 1,5 h antes da baixamar diúrna ata 1 h despois co límite 18:00 h.

Condicións adicionais:

As persoas tripulantes só poderán acceder ao recurso por terra cando o mal tempo dificulte o uso da embarcación, cos requisitos establecidos na ficha onde se recollen as condicións de aprobación do plan de xestión. Comunicarase por correo electrónico a Gardacostas, á Base Operativa de Muxía (gardacostas.muxia@xunta.gal), ao departamento territorial da Coruña (desenvolvimento.mar.coruna@xunta.gal) e a Sección de Coordinación Técnica (seccoordtec.mar.coruna@xunta.gal), a lista de embarcacións e o número de tripulantes que accedan por terra, e as condicións meteorolóxicas que xustifiquen este acceso.

As solicitudes de apertura, así como calquera outro asunto relativo á resolución de apertura (modificacións das zonas de extracción ou datas, anulacións, etc), enviaranse a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, mediante presentación electrónica.

Contra esta resolución que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería do Mar no prazo dun mes contado dende o día seguinte á notificación ou publicación desta resolución, segundo dispón a Lei 39/2015, do 1 de outubro, nos seus artigos 30, 121 e 122 (sección 2ª do capítulo II).

Mediante este documento notifícaselle á confraría de pescadores de Muxía esta resolución, segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A directora territorial
Mª José Cancelo Baquero
(asinado dixitalmente)

